



nota de prensa

## **Veciñanza reclámalle ao Goberno Municipal que presente os orzamentos municipais de 2020**

*Veciñanza volve reclamarlle ao Goberno, desta vez de maneira pública, que presente os Orzamentos Municipais para o presente ano. Instalado na propaganda, o PSOE demostra que a xestión non é cuestión de número de concelleiros/as, senón de capacidade.*

Cuntis. 7 de febreiro de 2019

O Goberno Municipal do PSOE anunciaba a comezos do mes de decembro que ‘traballaba’ nos orzamentos de 2020. **Superada a primeira semana de febreiro, seguimos sen noticias das contas municipais para este ano.** O PSOE leva dous anos sen ser capaz de presentar os orzamentos en tempo e forma para que poidan entrar en vigor o 1 de xaneiro, pero nunca antes a demora fora tan longa. Con sete concelleiros/as, o Grupo de Goberno demostra que o traballo non é cuestión de número, senón de capacidade, e **segue inexplicablemente sen presentar as contas municipais malia terllo requirido os grupos da oposición tanto en plenos como en comisións anteriores.**

**Veciñanza volve reclamarlle ao Goberno, desta vez de maneira pública, que presente os Orzamentos Municipais para o presente ano. Non precisa negociarlos nin discutilos con ningún, o que fai máis evidente que se trata dunha cuestión de incapacidade política.**

A actividade municipal límitase á **propaganda e á tramitación das axudas doutras administracións**, nomeadamente as da Deputación de Pontevedra e as da Xunta de Galicia. O día a día do Goberno Local aséntase en ‘vender’ como propios os proxectos que subvencionan outras institucións mentres ten paralizada súa actividade. **Non só non hai noticias dos orzamentos de 2020, senón que tampouco as hai do PXOM, das pasarelas do río Gallo ou da ordenanza de terrazas iniciada en outubro de 2018, por citar só tres exemplos.** Nunca antes un goberno tan numeroso estivo tan claramente caracterizado pola incapacidade e a propaganda.

**Despois de anunciar o Alcalde no pleno de novembro que non tiña pensado actualizar máis ordenanzas fiscais, algo que a comezos da lexislatura pasada era unha prioridade,** este grupo de goberno mantén importantes dificultades na xestión económica, **tendo que recorrer habitualmente ao levantamento de reparos de intervención e saltando con frecuencia os procedementos estipulados na Lei de Contratos Públicos.** Agora, a demora na presentación



## nota de prensa

dos orzamentos municipais para 2020 confirma que detrás do autobombo agóchanse grandes carencias en materia de xestión.

Todas as semanas comprobamos como a propaganda caracteriza a acción de goberno, con grandes anuncios que rara vez se concretan. **Os plenos municipais convertéronse en rituais nos que o goberno nin se digna a contestar en moitos casos as preguntas da oposición, facendo gala dunha arrogancia totalmente innecesaria.** O atasco en materias de alta prioridade para Cuntis acumúlase ao tempo que medra o gasto en publicidade. As iniciativas que se aproban nos plenos pasan ao caixón do esquecemento e os grandes anuncios agochan as carencias diarias.